


2015-2016

I.E.S. Fernando Esquío

Neda (A Coruña)

[MEMORIA ANUAL 2015-2016]

Aprobado en Claustro e presentada ao Consello Escolar



MEMORIA ANUAL 2015-2016

A **avaliación do Plan xeral** presentado e aprobado ao longo do presente curso, lévase a cabo con esta memoria sometida a aprobación no Claustro e presentada ao Consello escolar de final de curso.

Comentaremos tamén algunhas cuestións xurdidas durante o curso 2015-2016 que merecen ser destacadas nesta memoria:

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NA PXA

MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓNS

*Neste apartado, foron realizadas as seguintes obras e/ou instalacións e adquisicións:

- Arranxo dos portalóns laterais e traseiros.
- Revisión e mantemento dos extintores.
- Compra dun novo carro de limpeza
- Substitución das lámpadas vellas por lámpadas de baixo consumo e máis calidade no edificio traseiro(aulas de debuxo e música, Informática, audiovisuais e laboratorios) Esta instalación supón unha terceira fase tras as realizadas en cursos anteriores e coas que se obtiveron tan bos resultados en canto ao aforro no consumo eléctrico do centro.
- Instalación duns focos LED na entrada co fin de que queden acendidos polas noites en lugar das lámpadas do portal e do corredor centra, co cal non só esperamos aforrar na factura eléctrica, senón tamén ganar tempo de vida para as lámpadas.
- Instalación duns automatismos para acendido e apagado dos aerotermos do pavillón deportivo.
- Instalación de encerados dixitais, proxectores e ordenadores en 4º PDC e 2º de bacharelato co material subministrado pola Consellería. A Consellería instalou proxectores, ordenadores e encerados dixitais en 1º BAC. A y B, 3º ESO A y B, y 4º ESO A, dentro do marco do Proxecto Abalar..
- Compra e instalación dun ordenador e un proxector para a FPB.
- Instalación de proxectores nas aulas de PT e na do Departamento de Economía.
- Compra e instalación de varios encerados brancos.

*Queda pendente a reparación de portas de acceso/saída do centro cara ao patio pola parte baixa. Queda tamén pendente a substitución das lámpadas no resto do instituto e no pavillón deportivo.

*Seguiremos insistindo ante a *Xefatura territorial* sobre o peche do oco sobre a porta de entrada ao centro. O propio Xefe territorial manifestou, na visita realizada ao centro, que era unha obra moi necesaria, pero que, debido ao elevado custo da mesma tería que esperar. Reiteraremos tamén a petición á *Xefatura territorial* do amaño e mellora do teito da zona exterior do centro que quedou pendente de revestir hai anos e dos caneiros do tellado que ultimamente dan bastantes problemas, xunto con un que se desprende este inverno no pavillón. Ademais da reparación dunha parede exterior no centro e outra no pavillón, dos lucernarios do tellado do instituto e do chan dunha das aulas de Tecnoloxía..

*Seguimos a manter un gasto de gasóleo relativamente baixo, debido sobre todo aos baixos custos deste combustible, a pesar de que enchemos o depósito a final de curso, polo que aprazamos de momento a busca de fontes de enerxía alternativas.

*Como, todos os anos, atendéronse todos os desperfectos e avarías xurdidos ao longo do curso e as certificacións pertinentes.

ALUMNADO

* Se ben estaba contemplado o potenciar a *Xunta de delegados/as* como vía de participación efectiva, seguimos sen conseguir que o alumnado convoque e participe neste órgano.

* Para facilitar as gardas de recreo evitando a dispersión do alumnado, durante o tempo de lecer non se lle permitiu estar, en xeral, no segundo andar, no corredor traseiro e na parte interior do piso de abaixo. Convén seguir insistindo nesta última medida pois os alumnos seguen estando polos corredores e as aulas do segundo piso e, aínda que procuramos pechar as aulas, abundan as queixas por roubos e danos ás instalacións do centro e aos obxectos persoais dos alumnos.

* En canto ao protocolo de **sancións leves** ao alumnado, os partes correspondentes foron en xeral cubertos no XADE (segundo o mesmo protocolo que coas faltas de asistencia) e en papel, o cal facilitou o seu control por parte da xefatura e dos titores e titoras. Este obxectivo cumpriuse practicamente ao 100%.

* Estas faltas de conduta leves concentráronse basicamente en moi poucos alumnos e case todos de 1º, 2º e 3º de ESO. Os alumnos con maior número de faltas presentan graves problemas de comportamento e/ou de situación familiar que tratamos de resolver na medida do posible coa colaboración do Departamento de Orientación do centro, dos servizos sociais do concello e incluso recorrendo á fiscalía de menores.

En total foron 173 faltas leves.

*Seguimos intentando que as faltas máis leves se resolvan sen ter que intervir a xefa de estudos, para que esta acción sexa vista como algo máis excepcional. Parécenos que a situación mellorou bastante respecto aos anos anteriores pero seguiremos insistindo neste tema.

* Como medida correctora das faltas leves, seguimos substituíndo na maioría das ocasións a suspensión do dereito de asistencia ao centro pola **suspensión de asistencia ás clases**. Nestes casos o alumnado traballou apartado da súa clase, na aula de convivencia e atendido polo profesorado de garda e o equipo de dirección,, as materias que lle correspondían e tivo os tempos de lecer separado dos compañeiros. A medida síguenos a resultar efectiva.

* En canto a **faltas de conduta gravemente prexudiciais** para a convivencia no centro, finalmente houbo seis expedientes disciplinarios a 12 alumnos, tres expedientes foron resultado da apertura do protocolo de acoso e un deles, que afectaba a tres alumnos, resolveuse mediante o proceso de conciliación. Os procesos de instrución e as medidas correctoras aplicadas transcorreron con normalidade.

* Notamos que os caso de acoso parecen cada vez máis frecuentes, polo que intentaremos, de acordo co Plan de convivencia facer intervención que conciencien aos alumnos deste grave problema antes de que se manifeste.

*Por suposto seguiremos a traballar na mellora xeral da convivencia escolar, aínda que parécenos que non é un centro que destaque por este problema en concreto.

| Nº Condutas contrarias a convivencia | Nivel | Nº alumnos |
|--------------------------------------|---------|------------|
| 84 | 1º ESO | 9 |
| 36 | 2º ESO | 8 |
| 52 | 3º ESO | 12 |
| 5 | 4º ESO | 3 |
| 8 | 1º BACH | 6 |

* Resultados das **PAU**: aprobou en xuño o 88'24% do alumnado do centro presentado.

* Este ano volvemos a organizar unha despedida para o alumnado de 4º, a petición dos alumnos. Para a de 2º de bacharelato contamos coa xenerosa colaboración do Concello, que nos cedeu a Casa da Cultura para o acto de graduación e a Casa das Palmeiras para poder ofrecer uns pinchos a alumnos, profesores, familias, persoal non docente e concelleira de educación e persoal de cultura do Concello. Agradecemos tamén a xenerosa colaboración da responsable da cafetería do instituto que se encargou de preparar e servir pinchos e bebidas case a prezo de custo.

* Tamén cumprimos o obxectivo de realizar diversos torneos deportivos nos recreos e nas datas de fin de trimestre..

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

* Como xa dixemos na PXA, este curso non contamos co PT compartido do que disfrutamos en anos anteriores, é certo que non temos casos tan graves como entón, pero si hai 7 alumnos con ACS. A xefatura de estudos encargouse de coordinar o horario da única mestra PT de que dispoñemos de maneira que este alumnado poida ser atendido da mellor maneira posible. Para conseguir isto, en primeiro lugar tivéronse que avaliar as necesidades e, baseándose nos horarios dos grupos onde existía alumnado que así o requiría, nos primeiros días de curso elaborouse un horario provisional de PT que compatibilizou no máximo posible as xornadas laborais no centro do persoal implicado e os horarios do alumnado que precisou máis atención. Este horario mellorouse tras a avaliación inicial.

* Os esforzos de atención á diversidade concentráronse basicamente nos niveis de **1ºESO** e **2ºESO**. Este curso optamos por suprimir o reforzo de Matemáticas en 1º de ESO, dada a escaseza de profesorado e que, ao entrar a LOMCE contan con 5 horas á semana.

* Celebrouse unha sesión de **avaliación inicial** onde se coordinaron as actuacións para a atención ao alumnado.

* Seguimos os criterios marcados na CCP sobre a atención á diversidade, para ser máis coherentes e efectivos na atención do alumnado tendo sempre como referencia o indicado ao respecto pola normativa.

* Rematamos este ano o Programa de Diversificación Curricular. Pensábamnos solicitar un Plan de mellora para o próximo ano, pero non temos alumnado suficiente o que si hai son varios alumnos propostos para FPB.

* Contamos con tres **seccións bilingües en inglés**: en *Física e Química* e en *Biología e Xeoloxía* de 3ºESO e en *Biología* de 1º de ESO. Para o próximo curso esperamos contar con dúas seccións máis en Educación Física de 4º de ESO e 1º de bacharelato.

* Seguimos a desenvolver os programas de **Formación profesional básica** como en anos anteriores, este programa é froito dun convenio entre a Consellería de educación e a de traballo, agora somos catro os centros participantes da comarca de Ferrolterra, os únicos que ofrecemos esta modalidade en toda Galicia. Este curso, como o anterior, seguimos a ter no centro ao alumnado maior de idade. Non tivemos ningunha incidencia reseñable neste campo e incluso o programa pareceu máis exitoso que outros anos de cara á consecución de emprego, de feito parte dos alumnos incluso tiveron que renunciar ao programa para asinar contratos de traballo.

PROFESORADO:

* **Gardas:** seguimos contando con profesorado de gardas de biblioteca e pavillón no tempo de lecer, ademais este curso de novo tivemos dous profesores de garda por hora, catro en cada recreo (dous no patio, un na biblioteca e outro no pavillón deportivo). As gardas de entrada e saída foron asumidas pola dirección.

* En cumprimento das **Instrucións do 2 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Centros e RRHH en relación coa organización e o funcionamento das BE**, favoreceuse na medida do posible o uso e integración da BE nas actividades do centro, adoptando unha serie de medidas, ademais das actividades xa desenvolvidas desde a BE e que se revisan máis adiante neste documento. Favoreceuse que determinadas disciplinas como os *Reforzos e apoios de exentos de Francés* de 1º e 2º de ESO e a optativa de 1ºESO foran impartidas na biblioteca ademais de animar ao profesorado de garda a empregala na súa actividade co alumnado.

Xa que dispuxemos de dous profesores de garda por hora, intentamos potenciar a biblioteca. Formouse un **equipo de apoio á coordinadora** con profesorado voluntario que fixo as súas horas de garda na biblioteca sempre que foi posible. Desde a xefatura de estudos publicáronse instrucións para o funcionamento das gardas deste profesorado.

Constituíuse tamén unha **comisión de biblioteca** no seo do *Consello escolar*.

* Como nos cursos anteriores, unha vez por trimestre e segundo calendario elaborado pola xefatura de estudos, foron convocadas reunións do departamento de **Orientación cos tutores/as** dun mesmo "ciclo" (1º-2º ESO, 3º-4º ESO e bacharelato) onde foron tratados aspectos relacionados co desenvolvemento do *Plan de acción tutorial* e do *Plan de orientación académico e profesional* do respectivo alumnado. Deste xeito deuse cumprimento á lei en canto ao esixido para a constitución do departamento de Orientación (presenza dos tutores e reunión mensual do departamento) e ademais fíxose efectiva a reunión como xeito de intercambio de información de interese sobre o alumnado, en canto a aspectos relativos á orientación académica e profesional.

* No formulario de matrícula do presente curso, como nos pasados, preguntouse aos pais/nais dos alumnos se estarían interesados en comunicarse vía internet para recibir información académica do centro e titor/a acerca do seu fillo/a e pedíuselles en caso afirmativo as súas direccións de correo electrónico. Este medio de comunicación estivo entón á disposición do profesorado. Púxose en marcha AbalarMóbil, aplicación que ten utilidades interesantes e parece fácil e asequible para as familias e á que vanse incorporando pouco a pouco, o próximo curso haberá que intentar que o profesorado a empregue máis.

* Fomentouse a participación do profesorado en *plans de innovación e formación* que puidesen ser do seu interese.

* Comezamos este curso un novo **Programa de formación permanente do profesorado** co desenvolvemento de dous itinerarios formativos. Estes dous itinerarios seguiron dúas liñas: **Integración didáctica das TIC e no uso para o traballo cooperativo en rede a través de espazos virtuais**, e **Elaboración do Plan de Convivencia**. O primeiro itinerario centrouse este ano máis na práctica e constou de varios grupos de traballo sobre *Uso de Libreoffice na xestión académica, elaboracións de páxinas web con Drupal, elaboración de contidos académicos con*

Moodle, aproveitamos para ter tamén algunhas sesións sobre o uso dos novos encerados dixitais. O segundo itinerario ao principio tiña unha parte máis teórica, pero, dadas as dificultades para encontrar formadores centrouse tamén na práctica, non se cumpriron os obxectivos, pois non se rematou o plan, debido ao atraso sufrido pola busca de formadores e a baixa por enfermidade da orientadora do centro e coordinadora do itinerario. Tanto os itinerarios escollidos como as actividades desenvoltas foron establecidas polo propio claustro en función das súas demandas de formación. A coordinación do plan foi realizada pola dirección, a xefatura de estudos e dous profesores voluntarios (un por itinerario) e contou co asesoramento do *Centro de formación e recursos*. A participación seguiu a ser alta, se ben inferior á de cursos anteriores

* Participamos este ano no estudo que fixo a consellería **sobre uso da biblioteca escolar**.

ORGANIZACIÓN DOCENTE E ACTIVIDADES

* Seguimos a contar este curso con auxiliar de conversa en inglés.

* Este ano aplicouse por primeira vez o **Plan de emerxencia e evacuación**, cargado polo Concello de Neda a unha empresa do ramo, fíxose o **simulacro de emerxencia e evacuación** e agora estanse a corrixir os fallos detectados no plan..

* Os espazos comúns do centro seguiron administrándose como nos últimos anos mediante reservas previas das aulas correspondentes. Unicamente quedaron aulas reservadas todo o curso para aquelas materias directamente relacionadas co espazo ou aquelas outras que a dirección determinou por cuestións de organización do centro. A distribución veu facilitada porque agora as dúas aulas de informática teñen practicamente o mesmo número de ordenadores e son moitas as aulas que contan con ordenador, canón e encerado dixital.

* O *Consello escolar* a proposta do Claustro solicitou para o noso centro os seguintes dous días non lectivos: **29 de marzo** e **16 de maio**. Estes días foron autorizados pola *Xefatura territorial*.

* **Plan xeral anual e calendario escolar do centro** foron aprobados en Claustro e *Consello escolar* ao inicio do curso e empregados como documento de referencia para a organización do centro.

*Este curso adaptáronse xa todos os formularios do centro á LOMCE, temos tamén concedidas as novas optativas de libre configuración solicitadas e aprobados os distintos itinerarios académicos..

* Celebración das conmemoracións que figuran no artigo 8.1 da Orde onde figura o calendario oficial escolar 2015-2016.

* Ademais das actividades fomentadas desde os departamentos, e como en cursos anteriores, realizáronse as actividades festivas tradicionais: magosto, nadal e entroido, ademais da celebración do fin de curso (no remate do curso de 2º de bacharelato, actividade conmemorativa para despedir ao correspondente alumnado e de novo este ano, tamén houbo despedida para os alumnos de 4º ESO).

Achégase **memoria do DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS** (→ **anexo 1**).

BIBLIOTECA:

Achéganse a **memoria do PLAMBE** (→ **anexo 2**; xestión aprobada previamente) e a **memoria do Club de lectura** (→ **anexo 3**).

Presentouse a solicitude para a participación no PLAMBE 2016-2017.

DINAMIZACIÓN:

Achégase a **memoria de Dinamización da lingua galega** (→ **anexo 4**).

TIC

* Seguimos coa comunicación das incidencias por medio dos **formularios** que para ese fin figuran na sala de profesores, na aula de informática e biblioteca ou polo correo electrónico (fesquio.incidencias.tic@gmail.com).

* Grupos de traballo sobre **Elaboración de contidos coas TIC** (mencionados anteriormente).

* Uso normal e bo funcionamento das dúas aulas de informática do centro.

* Continuidade do **Proxecto Abalar** en 1º e 2ºESO. Cabe mencionar que cada vez xorden máis avarías nos ultraportátiles do alumnado e que a substitución destes ordenadores este curso resultou verdadeiramente problemática, dado que, polo visto, moitos xa non estaban en garantía..

* Funcionamento cada vez maior da **aula virtual**.

* Segue a funcionar con normalidade a **nova páxina web** do instituto e con máis contidos. De cara ao futuro tense a intención de potenciala coa participación do profesorado e dos departamentos, dado que ata agora case todo os contidos foron subidos polo coordinador das TICS. Este curso funcionou un grupo de traballo para este fin.

* Puxemos en marcha o servidor de centro e un dominio que permite que cada profesor teña a súa propia conta en calquera ordenador do centro. O centro conta pois con dous servidores, un servidor Abalar, incluído no Proxecto Abalar, e un servidor propio do centro.

* Moi bo funcionamento da **empresa de mantemento** informático do centro, de feito, renovamos o contrato pois chegamos a un acordo para pagar un pouco menos.

* Adquisición de **equipos** dentro dos orzamentos correspondentes.

OUTROS ASPECTOS

*Leváronse tamén a termo os procesos encomendados ao centro pola consellería: *Plan de axuda para a adquisición dos libros de texto, recollida de libros de texto e preparación do fondo solidario de libros de texto*, ademais de rematar a adaptación dos formularios de matrícula á LOMCE. Todo sen incidentes salientables, salvo a abrumadora carga de traballo que nos impediu a atención normal ás múltiples obrigas que nestas datas temos como cargos directivos e profesores.

* Procedeuse á adxudicación dos servizos da **cafetería** do centro seguindo as instrucións da Consellería.

* Este ano usamos e puxemos ao día as **Normas de organización e funcionamento** de acordo co *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

* Ao inicio das datas de **admisión** en centros, tal e como se fixo nos cursos pasados, volvemos desenvolver unha campaña de promoción do noso instituto, baseada no mantemento de contacto e intercambio de información cos centros educativos de maior interese (Ponte de Xubia, San Sadurniño, CEIP Mosteiro de Caaveiro da Capela). A directora e a xefa de estudos visitaron estes centros mantiveron reunións informativas con alumnos e familias. Tamén recibimos as visitas dos colexios do Concello e do Ponte de Xubia, así como do alumnado de ESO de San Sadurniño.

Se ben o número de alumnos e alumnas procedentes do CEIP Ponte de Xuvia é importante, o número dos procedentes de San Sadurniño (para 1º de bacharelato) é moi reducido. Todo parece indicar que a chave do asunto está no transporte: a maior parte deste alumnado matricúlase nun centro de Ferrol ben comunicado por tren co seu concello de residencia, ademais de que tampouco é un centro que conte con moitos alumnos.

* Durante a preparación do presente curso, prestouse atención ás **necesidades educativas** do centro e estas foron comunicadas á inspección e á Consellería para evitar perder posibilidades de atención ao noso alumnado e manter a calidade educativa. Os esforzos centráronse na petición dunha interinidade de Latín e linguas que finalmente se obtivo. Para o próximo curso as demandas serán maiores pois contamos con catro profesores menos na cadro de persoal

XESTIÓN ECONÓMICA

* A **Xestión de gastos do 2015** e os **orxamentos para 2016** (capítulo IV do PXA) foron presentados e aprobados en Claustro e Consello Escolar , aínda que sabemos que xa non é preceptivo, e enviados posteriormente á *Xefatura territorial* e inspección educativa.

Achéganse tamén: **memorias dos departamentos didácticos** (→ **anexo 5**) e **convocatorias dos órganos colexiados durante o curso 2015-2016** ((→ **anexo 6**).

DIFICULTADES ATOPADAS E MEDIDAS ADOPTADAS

* A maior dificultade con que nos encontramos foi que o centro empeza a ter moitos problemas de humidades e infraestruturas e o noso presuposto non da para tanto.

*Tivemos tamén problemas para convocar á Xunta de delegados, os alumnos faltaban reiteradamente ás convocatorias e nunca conseguimos que a convocasen eles mesmos, sempre foi a instancias da dirección.

*Aínda que non tivemos problemas graves de comportamento, si que houbo problemas cuns cantos alumnos que presentaban un número inusitadamente alto de faltas leves, xa indicamos máis arriba que, en vista de que eran alumnos con serios problemas familiares, ademais de tratar o tema coas familias, involucramos aos servizos sociais, de feito a educadora familiar interveu moi directamente nun dos casos e, como última solución, os servizos sociais do concello decidiron recorrer á fiscalía de menores, para o que se nos solicitou o pertinente informe. Notamos ademais un aumento notable de caso de acoso, ademais sempre nos primeiros cursos, intentaremos tomar mediadas preventivas o próximo ano, pois, segundo os informes das orientadoras de primaria, tamén nos colexios nótanse estes problemas.

*Seguimos a traballar no obxectivo de que só sexan enviados á xefatura de estudos os alumnos que cometan faltas de certa gravidade, a situación mellorou bastante con respecto ao curso anterior pero aínda hai profesores que nos parece que expulsan aos alumnos á xefatura con demasiada frecuencia.

* Encontramos as veces falta de colaboración das familias cando hai problemas cos seus fillos. Tivemos problemas para comunicarnos por correo electrónico con moitas familias. Con algunhas non resulta fácil nin sequera por teléfono, polo que vímonos na obriga de enviar algunha carta solicitando un número ao que poder chamar e incluso tivemos que insistir bastante no tema.

*A avaliación inicial segue parecéndonos mellorable, non conseguimos que figurase nas programacións dos departamentos nin que os alumnos chegaran xa cualificados á sesión de avaliación. Gustaríanos ademais que se fixera máis ao comezo do curso pero os profesores sosteñen que necesitan tempo para cualificar aos alumnos.

*Resultou complexo atender as moitas necesidades dos alumnos cunha sola mestra de pedagogía terapéutica e coa orientadora ocupada coa FPB. O problema complicouse moito máis este curso pois a orientadora leva moito tempo de baixa e tivo substituta e substituta da substituta e, a pesar da moi boa disposición das dúas substitutas, resulta moi complexo facerse cargo da orientación dun centro co curso empezado, moitos temas pendentes cos que tiveron que poñerse ao día e toda a xestión da FPB que é moi complexa. A xefa de estudos supliu sempre que puido a labor desta última.

*O profesorado de garda parece suficiente para as horas de clase, incluso puidemos atender bastante ben á biblioteca, pero nos recreos ás veces resulta insuficiente. este tema preocúpanos de xeito especial pois este curso temos catro profesores definitivos menos.

*este ano si realizamos o simulacro de evacuación, pero a empresa aínda non nos entregou o plan corrixido, e presentaba bastantes deficiencias..

*Seguimos con problemas de matrícula. A xefa de estudos e a directora visitaron os centros limítrofes de Ponte de Xubia, San Sadurniño e A Capela e invitouse a familias e alumnos a unha xornada de portas abertas no centro, pero en San Sadurniño seguimos sen poder competir coa atracción de Ferrol, posiblemente polos problemas de transporte. Son ademais colexios con moi pouco alumnado.

PROPOSTA DE MELLORA

*O próximo curso seguiremos intentando manter unha política de aforro en temas enerxéticos, neste senso temos que dicir que entrar na facturación agrupada de teléfonos notouse moito. Tentaremos tamén reducir os gastos de mantemento informático e de xardinería, así como o uso do papel.

* Seguiremos intentando reducir o gasto dos departamentos, de feito estamos intentando que os gastos vaian a cargo do remanente que teñen acumulado de cursos anteriores.

*O próximo curso, ademais de convocar solemnemente a xunta de delegados, tentaremos ter unha reunión con delegados e subdelegados e, unha vez máis, insistirles na necesidade de que a xunta funcione e se reúna tamén a instancias dos propios alumnos. Falaremos cos titores para que insistan tamén sobre o tema.

*Tamén queremos potenciar a Comisión de Convivencia, xa que os alumnos acoden pouco.

*Seguiremos a colaborar cos servizos sociais do noso concello e dos que procedan os nosos alumnos, sobre todo nos casos especialmente complicados.

*Insistiremos co profesorado en que expulsar alumnos á xefatura debe ser unha medida de carácter máis excepcional pois os alumnos deben permanecer en clase, sempre que sexa posible.

* Seguimos apostando para as faltas leves e, sempre que sexa posible, tamén para as máis graves, por evitar como medida correctora a privación da asistencia ao centro, intentaremos recorrer a outras correccións, especialmente o uso da aula de convivencia. Cando non teñamos máis remedio que privar ao alumno da asistencia ao centro, sempre se lle indicarán as actividades que debe realizar para seguir o desenvolvemento do curso. Intentaremos que o Dpto de Orientación teña disposto tamén un plan de habilidades sociais para estes alumnos.

*Seguiremos insistindo o próximo curso en charlas e actividades sobre acoso escolar para evitar na medida do posible a aparición de tal feito.

*Tamén continuaremos a traballar na mellora da convivencia entre todos os sectores do ensino, queremos rematar, dentro dun dos itinerarios do Plan de Formación, o Plan de Convivencia, especialmente o tema da mediación, que parécenos fundamental, pero que é difícil de realizar sen orientadora..

*Intentaremos mellorar a **avaliación inicial**. No próximo curso insistiremos en que esta avaliación se contemple nas programacións dos departamentos e en que se faga o máis pronto posible.

*Esperamos poder contar con dous novas seccións bilingües en 4º da ESO e 1º de bacharelato e faremos o posible por manter as que temos.

*Seguiremos intentando conseguir un ciclo formativo para o instituto, pensamos que é necesario para o concello e o que solicitamos o curso pasado parécenos moi

axeitado ao noso profesorado e as instalacións do centro, ademais de contar con facilidades no municipio para o seu desenvolvemento e de impartirse en moi poucos centros de Galicia e ter moita demanda. Intentaremos falar coas autoridades educativas para saber o motivo polo que no se nos concedeu e intentar emendalo.

*De novo o horario da profesora de Pedagogía terapéutica será elaborado pola xefa de estudos, unha vez, resolta a avaliación inicial, para intentar atender do mellor modo posible as necesidades dos alumnos. Igualmente, dado que a FPB, na que somos un dos únicos catro centros con esta modalidade, parece moi satisfactoria, non parece fácil renunciar a impartila, pero, dado que supón un traballo inxente, valoraremos o próximo ano nomear, se temos profesorado con dispoñibilidade horaria, un coordinador da Formación en centros de traballo que comparta o traballo da orientadora e lle permita a esta poder atender mellor ao alumnado do centro.

*Gustaríanos poder dispor de tres profesores de garda no patio nos recreos, aínda que os membros da dirección sigamos asumindo voluntariamente as gardas de transporte, pero isto dependerá da dispoñibilidade horaria do próximo curso e, coa redución do cadro de persoal deste ano, parece bastante difícil.

*Seguiremos insistindo no uso do correo electrónico como medio máis eficaz e barato de comunicación cos pais e fomentaremos o uso da aplicación AbalarMóbil

*Conseguir un Plan de Emerxencia corrixido e poñelo en práctica no próximo simulacro. Afortunadamente o Concello segue disposto a financiarlo.

*Falaremos con Concello para intentar que se faga cargo da xestión do pavillón nos próximos veráns. Cada vez hai máis grupos de peregrinos que solicitan pernoctar, dado o reducido tamaño do veciño albergue, e a xestión e a limpeza empeza a ser complexa.

"Seguiremos intentando atraer de novo ao alumnado de San Sadurniño, que por proximidade lle correspondería este centro, intentando modificar as rutas de transporte que temos.

RESULTADOS ACADÉMICOS

Os resultados académicos figuran nas memorias dos departamentos que se envían como anexo (anexo 5).

A directora



Asdo.: M^a del Carmen Riobó Fernández